

Amor Meilan, Muñiz
BAILLY.

PIERONIAS

POESIAS GALLEGAS

1815.




A mi distinguido amigo
el inspirado poeta gallego
D. Eladio Rodríguez González
en prueba de amistad leal
compañerismo y simpatía

H. Amor Meilán

Lisboa 10obre 1886.





M. 14593

C-223/26

Eladio R. González.

TREBOADAS.

THESSALIAS.

R.F.109

TREBOADAS,

POR

MANUEL AMOR É MEILAN

É

RAUL MUÑIZ É BAILLY.



FERROL—1884.

Imp. de El Correo Gallego.

R. 14591

270100099

-661-214-2-

¡¡NON PODO!!

Eu ben quixera, nena, en tenras canticas,
cal ledo rousiñol,
cantarche e^c unha vos crara é docissima
o meu profund^c amor.

Pro non puedo comprir o meu preposito
pois de tanto chorar
rouco eslou com^c o corvo qu^c antr^c a brétema
seu chilro ó vento da.

R. M. B.

O INVERNO.

Ahi vén ó trist' Inverno
con frios é xiadas,
con vendabales feros
con augas é nevar.
Todo tristor envolve
n' o tempestoso Inverno
é tod' á y-alma enspira
tristura é soedá.

Ahi veñen xa c' ó Inverno
as noites de xiada,
as noites en qu' as vellas
do fogo a-o arredor,
á-os seus netiños tenros
lles contan mil hestórias
de trasnos é pantasmas
de reis é de ladrós.

Contigo, Inverno, veñen
as noites horrorosas
en que retremba á chouza
do probe labrador,

ceando n^e as suas débres
parés, ó vento loueo
con encremenza funga
é bárbaro foror.

Xa veñen as nevadas
qu^u os campos abranquean,
y-os árbores, y-as casas
é todo canto hay.

Xa veñen as tronadas
que temen os labreixos,
y-os lóstrogos, que cruzan
á azur enmensidá.

Todo n^e o Inverno é triste;
os árbores sin follas,
os campos anchareados,
sin frores os xardis,
ó ceo cheo de nubes,
ó sol que parce xeme
y-o río, qu^u albrogado
de nai se quer sair.

N^e o Inverno, os que n^e os mares
algun parente teñen,
temen po-la súa vida
é rogan a-o Siñor.
Tamen piden qu^u o Inverno,
non sea muñto crudo

—8—

aqueles que revólvense
n' os leitos de dôr.

Nº o Inverno, cand' os vellos
as suas longas capas
descochan, os séus débres
corpos para encobrir,
se n' unha corredoirá
s' alcontran doux velliños,
saúdanse premeiro
é din dempois asi.

—Xa veu ó tristº Inverno
con frios é xiadas
con vendabales feros
con áugas é nevar.
Todo tristor envolve
n' o timestoso Inverno
é todo á y-alma enspira
tristura é soedá.

M. A. M.

¡CANT' EU DIXERA...!

Cand' a primeira
lus d'a alborada
teñind' os céos
de roxo e prata
as negras sombras
d' a noite racha,
y-os paxariños
n' as engrilladas
polas s' esconden
e tenros cantan.
n' o seu lenguaxe,
cen copras váreas:
cand' a tristeira
campán lexano
dendes d' a hermiola
os fieles chama
ó sant' oficio
con badalada
que pol-os campos,
chouzas e brañas,
n' as áas d' o vento

—10—

zoando pasa,
¡Cant' eu dixerá
s' o que lle falla
á miña lira
ó fin topará!
¡Cant' eu dixerá!
¡Canto qu' a alma
sinte e qu' a lingua
tollida cala!

—
D' o verde prado;
d' a fror trempana
qu' ergue seu cález
de côres páledas
y-onde relocen
agarimadas
dôas brillantes
co-as qu' a riada
formou coroa
de pelras brancas;
d' a limpa fonte
qu' as espadañas
y-os penzos arbres
n' o seo ratrata;
d' o regueiriño
de ledas augas
que marmuleiro
fur' antr' as altas
herbas qu' esvian

as ondas eraras:
e d' a campestre
bris, perfumada
e os ricos cheiros
que roub' as prantaz
cando söave
por elas passa,
¡Cant' eu dixerá!
¡Cadt' eu falara
n' aquel istante
d' a madrugada,
si Dios quixera
qn' o que lle falla
à miña lira
ô fin topara!
¡Cant' eu dixerá!
¡Canto qu' alma
sinte e qu' a lingua
tolida cala!

—
D' aquel labrego
que, ô lomb' a aixada,
vai pol-a vreda
canta que canta
pol-o traballo
deixand' a casa
e n' ela a süa
prenda más cara;
d' a pastoriña

que coid' as vacas
dendes d' o valo
n' o qu' asentada
fia n' o liño
sin ter mais ántea
qu' a qu' o seu gando
tranquilo paza;
d' o que pr' a dura
brega diárea
con lixeireza
os bois propara;
d' a q' as galinhas
pra fora saca,
ou coll' a froita
qu' os arbres carga,
;Cant' eu dixerá!
;Cant' eu falara
n' aquel istante
de venturanza,
n' o qu' a primeira
lus d' a alborada
leñind' os eños
de roxo e prata
as negras sombras
d' a noite racha,
si Dios quixera
qu' o que lle falla
á miña lira
ó fin topara!

—13—

¡Cant' eu dixerá!
¡Canto qu' a alma
sinte e qu' a lingua
tollida cala!

R. M. B.

A GALICIA.

¡Probe Galicia! Nas maus escondes
á tua cara
é de cote rolar por tuas meixelas
sintes as bágoas...!
Pois vés que che firindo
están as tuas entraras
como malditos corvos
qu' a-os mortos s' abalanzan,
contribuciós atroces
as quintas que ch' arranean
d' os brazos a-os teus fillos,
y-a emigración, qu' os chama
como chama y atrae a-o paxariño
á fea colebra n'o arbre abrazada!

Galicia! D' ox' en diante
n' o fol d' a tua gaita
é das campás d' as tuas erexiñas
n' as tristes bateladas,
é n' as tristes é doces armunias
d' o teu alalálala
non chores as tuas coitas.

Non vertas, non, mais bágoas
é convoc' a-os teus fillos,
qu' á hora xa chegou d' a tua vinganza.

Qu' as campás d' as ermidas
y-os foles d' as tuas gaitas
repiniquen á morte solesmentre
contr' aqueles treidores que, sin alma,
che maltratan, che firen,
che insultan y-asoballan.

Qu' a sombra d' aquel mártire grorios•
que por librarte a ti ¡ohu miña patria!
d' os malditos, tiraus, foi á Frouseira,
por treizón á morrer, érgase páleda
d'a sua coba, s' é qu' está durmido
n' o fondo d' as suas almas
o amor d' os fillos teus á liberdade
á que todol-os xustos homes aman...
¡Pardo de Cela! Guienos teu nome
á loita encarnezada!
¡Repiniquen sin trégolas á morte
as campanas y-as gaitas,
é morran os tiraus qu' a culpa teñen
d' os males que ch'aqueixan e 'che mágoan.
¡Gallegos, a nosa terra
vinganza á gridos crama...
pois á vinganza é xusta
vóemos á vingala!

M. A. M.

¡SI FORA CERTO!

Perguntáchem' un dia s' eu amaba
y-os meus beizos dixéronte que non
o tempo qué—¡E mintira! ¡Si!—berraba
n' o peito o corazón.

Pro tí non entendiches aquel grito
que m' arrineou a forza d' a pasión,
e dixeches con noxo, que ferido
deixoum' o corazón:

—¿Tí non amas? ¿Non sintes no teu peito
ise fogó docísimo?... ¿Qué nog?
Pois home... pra decircho-o o teño dreito:
¡Ti non tes corazón!

E perdida pra sempr' a leda espranza,
eu digo dend' entón,
d' o dito teu en frúnebe lembranza:
—¡Ogallá non tivera corazón!

R. M. B.

DOUS INVERNOS.

I.

Os ábores estenden
suas pónlas xa sin follas,
á neve vai tendendo
no chan sua branc' alfombra.
Ascóndese ó labreixo
n' a sua probe chouza.
A lúa, coma nunca
s' amostra malencónica.
No ceo non buligan
estrelas briladoiras,
non cantan os paxaros
pousados sobre as pónlas.
O rio non marmuxa
pois agora par que chora...
Sómentre, aló n' a corte
a-os bois moxir s' aseoitá.
D' a chamineia ó fume
aló hastr' as nubes voa
é sigu' á chuvia caendo
Pingota tras pingota...!

II.

Perdeu a-y alma miña
suas espranzas todas;
d' o desengano a neve
suas elusíos afoga;
choran d' a cara os ollos
y-os ollos d' alma choran.
Non oyo á vos docísima
niñ hacho as malencónicas
olladas d' a qu' o peito
amóu con pasión tola.
¡Loito é soedá tan soyo
miñ alma ás beiras topa!
¿Cal é mais trist' Inverno?
¡Aquel que branc' alfromba
esparxe po-los campos
ou ó qu' a-y alma alcontra
cand' á sua beira, soyo
soedad é loito atopa,

M. A. M.



Cando esté o meu cadavre xa n' a cova
e' unha risa d' os demos heime rir
a-o atopar-me lonxe d' ista vida
onde tristuras soyo e deôres vin.

M. A. M.

LEMBRANZAS.

Cantas veces dia — ¡Non hai home
que com' aquel me quera! —
eu n' a gorr' afogab' o xordo grido
que m' arrineab' a pena
ó ver o meu amor subrim' e grande
pol-a muller aquela
iñorado, ou quizáis escarnecido
de tan crudel maneira.

Xa calmado — ¿Porqué, lle perguntaba,
porqué dis que n' a terra
non hai home qu' acoche n' o seu peito
pasión por ti más tenra
qu' a d' ise que me falas? ¿Qué motivos
tes pra xusgar ¡ou nena!
a forza d' o cariño qu' á outro poida
ispirar tua lindeza?
¿Qué pode facer il qu' outro non faga
pra darch' a verdadeira
e mais segura proba d' o que sinte?
Eu sabel-o quixera.—
— ¿Qué pode facer il qu' outro non faga?

—21—

entusiasmada, cega,
repicabam' ó punto—;Dar contente
por miñ a vida enteira!
Estonces eu erguiame nervoso,
os meus ollos n' os d' ela
fitab' un instantiño, y-entabraba
conmigo mesmo fera
reloita por decirlle a vos en grido
e e' o fogo que presta
unha pasión profunda:—;Miña xoya!
¡E nada máis che dera
is' home que ti dis qu' os teus amores
como ningúén aprecia?
¡A vida! ¡Qué val iso cand' é carga
millor qu' amubre prenda?
Non dig' o teu amor que moito fora...
so por unha lixeira
espranza qu' alumaise c' o seu debres,
refresco as negras tréboas
que cal lúgrube pano mortuorio,
o meu espíritu cercan,
inda más qu' unha vida miserabre,
¡moito más! eu che dera...
Che der' o corazón, á lus d' os ollos;
o millor que n' a terra
poden os homes dar: á fé, a espranza
a iluseón feiticeira,
os recordos de dicha e de ventura
qu' a y-alma miñ' alegran

— 22 —

n' as noites en que ximo tristurado
ardend' en frebe intensa,
os istantes de goce que desfruto
por cativos que seyan,
¡hastr' o pracer qu' o vert' eu esprimento!...
¡Todo! ¡todo eh' o dera!—
Pro cheo de tremor ¡ai! me calaba
y-abaxand' a cabeza
choraba, non pr' afora, si pr' adrento
a miña sorte fera,
entrementres, n' o chan fixand' os ollos
quedabas' a doncela
cavilando quizais... ¡que non hai home
que com' aquel a quera!

R. M. B.

¡PROBE NAI!

Probe nai! Onte ainda, os seus bicos
animaban súa filla é consolo
oxe... oxe aquil anxe feiticeiro
é un cadavre soyo.

Si con ela chorar non podédes
si d' a nai non sentis os doóres...
¡non mirédes siquera pra ela...!
deixála que chore!

N' aquil berce que vedes valeiro
ont' aind' à sua filla miraba...
oxe... oxe... ¡coitada! esmoecida
busca sua y-alma.

¿Ond' istá, ond' istá ó anxeliño
que d' a nai era ó doce consolo?
¿Onde ó nena de meiga sorrisa
é d' azures ollos?

As viciñas en van á consolan
é lle din que s' alcontra no ceo
pois á nai se ll' iscapa un suspiro
d' o fondo d' o peito.

Con ollar aloueado el' as mira
se lle fuxen as bágoas d' os ollos
é con vos que conmove hastr' as pedras
lles di d' iste modo.

—Si é verdade qu' istá miña filla
á beira d' o Siñor aló n' o ceo
¿por qué vos jóhù Siñor! fin non dades
á iste padecemento?

Tantos anxes xa tedes n' o ceo!
¡Ay! Deixá á miña filla que veña!
ou senon xunta' ela leváime...
¡porqu' eu quero véial!

M. A. M.

A NOITE.

¡Ai noite, d^e o que pena únece^r amiga!
¡Tende, tend^e o teu manto de negruras
por enriba de min! ¡Calm^a a fadiga
que me causan as miñas esventuras!

¡Os presumados laïdos que m^e obriga
á guindar o delor, y—estas tristuras
afoga n^o teu seo! ¡Non enamiga
me negues o que sempr^e á outros precuras!...

Pro noite, noiteciña... ¿á que doente
ó frínebe consolo teu acodo,
a miña vos erguendo enutllmente?...

¡En ti descans^e achar eu nunca pudo,
pois a calma qu^e ansio non e cousa
que s^e aleontre senon baixo d^e a lousa!

R. M. B.

OS REISES.

—Ay Antona! Si souberas
que toliñ' está miña alma
endes que n' o seu camiño
ó acharon nosas olladas!
End' estoneces, non atopo
asosego adonde vaya
pois somentre son dichoso
vind' eiqui á tua ventana
á verche, con istes ollos
que queren as miñas ánseas
y-o meu amor confesarche
n' as suas tristes olladas!
Ay Antona, miñ' Antona!
Non magóes unha y-alma
que pra ti somentres vive
y a tí solesmentres ama!
—Mingos; cal ti non podrei
falar, pois nunca fun sábea,
é soyo decirche podo
que si ti me qués...

—Acaba!

—27—

—Eu ¿porqué non ei quererte
si vés á miña ventana
con as intencíos...

—Mais nobres
qu' un niño n' os peitos achan
—Pro si á 'angañarme viñeses
xúroche...

—Antoniña, cala
que antes que ch' ingañe eu
xur' á Dios...

—Non xures nada
qu' as veces os xuramentos
duran...—Hastra que s' acaba
á vida d' un.

—Ou quizais
namentras non volv' á espaldra.

—Non queiras Antona, asi
amagoal-á miña y-alma.

—Ben! Adiós Mingos.

—Tan cedo
déixasme?

—Basta de fála
qu' os reises por aló veñen
é se nos ven

—Que bobada!
¿non s' ha de saber á fin
ó qu' antre nosoutros pasa?
—Pro ¿quen pode atal-ás lingas
s' a marmolar se desatan?

—Quen pode? A miña cardeña
qu' a todal-as asoballa.

N' isto chegaron os *reises*
ya-o son d' o pito, d' a gaita
é d' o tambor, comenzaron
á votal-as suas cántigas,
é cantand' isto a-o pasar
d' Antona, diant' a ventana.

«Teña coidad' á pombiña
de n' o charco non caer
e de non manchal-o branco
de qu' o seu plomax' é.»

Fixose Mingos ó xordo
y-Antona quedou calada
y-os *reises*, quizais querendo
como din por acó, *armáli*,
cantaron insiguidiña
ist' outra segunda cántiga.

«Non che fagas á santiña
salando po-la ventana;
ábrell' a-o teu mozo á porta
que de facelo tés gana.»

Cerrou á ventana Antona
e' as cántigas moi noxada,
y-ardendo en corraxe Mingos

e' a cardeña preparada

—Non veñan meters^c os reises
dixo, donde nadia os chama.

—Os reises, non se meteron
bastr^c ó de agora, con nádia
pró á tí sei que te s^c antoxa
que todo é malicia... ¡Rápia
ó demo por malizoso!

—Tende as lingas moi caladas
é siguil-á corredoira,
é non gastés tanta cháehara.

—¿Pensas que porque tí ó mandes
é porqu^c á cardeña traías
asústanos? Xur^c á Dios
qu^c en con ó roncón d^c a gaita
non che teño neñgun medo
anque veñas con bisarmas
é con mozos é cardeñas
cantos n^c ist^c aldeia baxa

—Pense vosté as suas parolas
non vaya dimpois chorala.

—Chorala? Xúncras me leve!
¿pro tí sabes con quen falas?

—Con un que ten muita linga
pro que non mov^c unha palla!

—

O tio Alonso, ó gaiteiro
que tal ouiu, á sua gaita

ergue, é comenza á rompéla
en Mingos, pro iste, ampara
como pode os golpes; brinea
pr^a atrás un pase, levanta
sua cardeña, é n^a un costado
a-o tio Alonso ll^e a crava
Vendo tal os outros reises
votan mau ás suas bisarmas
á s m o c a s ou a-o que levan;
choven paus, á sangue salta
d^a as testas; berra ó tio Alonso
berran os qu-o acompañaban,
os que con Mingos loitando
danll^e a-o fin, en parte mala
un pau ou un bisarmazo
ou non sei que, que regada
con sangue a-o miral-o chan
os reises fuxen, cal si áas
levasen nos pés.


Namentras
ó tio Alonso egonizaba
é Mingos, xa desangrado
sen movemento é sen fala
recebia os Sacrementos
qu^a o pan é d^a as nosas y-almas.

—
¡Prob^a Alonso! Probe Mingos.
Sen motivo^a dúas casas

—31—

cheas de loito é crebanto
é de tristor é de bágoas...
y Antona? Son os seus ollos
duas fontes que non acaban
de verter bágoas... ¡Morriu
ó nacel-a sua espranza!

M. A. M.



A PONTE DO DEMÔ.

LÉNDA.



01/30 00-33709 +

A PONTE DO DEMO.

I.

Saúde miña Galicia
pequeno anaco do ceo
que Dios puxo eiqui n' a terra
para qu' os homes en vendo
tanto feitizo acó xunto
maxinen que feiticeiro
é que fermoso é que doce
non debe de ser ó ceo.

Hay en ti, bosques sombrisos
é regatos marmoleiros
é fondosos vals froridos
é montoutos y-abanqueiros
y-un ceo azur é fermoso
y-on mare quedíñ⁺ é immenso
y-antr⁺ os arbres ascondidos
mil paxariños parleiros
é noites eraras é chéas
de docisimo mesterio..

Esto és ti, miña Galicia
este ti és n' a qu' eu vexo

—36—

eiquí n' un val, unha ermida
qu' enche de fervor ó peito,
aló n' o erguido curuto
as ruinas d' un castelo:
d' un monte ó pé, braneas chouzas
as que do sol a-os rosrexos
somellan braneas pombiñas
voand' aotr' un bosqu' espeso.
Esto éstí, miña Galicia
pequeno anaeo do ceo
que Dios puxo acó n' a terra
para qu' os homes, en vendo
tanto feitizo eiquí xunto
maxinen que feiticeiro
é que fermoso é que döce
non debe de ser o ceo.

Galicia! Cando louxe de tí m' eu alcontraba
todol-os meus recordos soyo eran para tí
é ¡cantas! cantas veces cand' eu en tí pensaba
po-las meixelas miñas ó pranto rosbalaba...
¡quizáis non volveria xa nunca mais eiquí!

Mas non tan malfadada conmigo foi á sorte
é quixo te volvese ¡miña Galicia! á ver
é quixo que n' o trance tan triste coma forte
cand' os meus bosos veñ' á reclamal' á morte
n' o teu chanciño poida cov' ó meu corpo ter.

Cantei miñas lembranzas en terra forasteira

—37—

é nádia os meus doóres Galicia, comprendiu
mais hoxe qu' á ti volvo jóhu terra seiticeira!
non verterei mais bágoas pois que vintura enteira
endes qu' a ver volvinche meu corazón sintiu.

Non verterei más bágoas! Cantand' as tuas gro-
(rias
irei d' a miña prob' ê triste lir' a-o son,
y-eu pátreia, d' os teus fillos chamarei ás mamo-
(rias
contándolles antigas tradicionós bestórias
que pasman é s' ascoitan con admiración.

Que poueo son pra tanto? Que non han valer na-
(da
as cántigas qu' eu faga? Hastr' olvidal' ô sei:
pro non en elas vexas jóhu miña pátreia amada
mais qu' unha probe prenda d' unha alma astu-
(siasmada
y-asi comprido estoncés meu afanar verei.

II.

Fai centos de anos
que n' o seu castelo
vivian felices
cheos de contento
os condes d' Andrade
á quienes ô ceo
lles dera unha filla,

lles dera un luceiro,
pois era fermosa
canto podeu sélo
n' a terr' as mulleres
as frores n' ó outeiro
n' a mar as sirenias
os anxes n' o ceo.
Minla se chamaba
segun contos vellos
que din qu' os amores
niño n' o seu peito
—com' ó millor sitio—
ó fin tiñan feito;
é din que gardaba
a nena o segredo
d' os seus amorios
d' os seus evaneos
sin mostralo' á nádia
pois sempre tremendo
istaba, soubesen
amaba—¡mesterios
d' a y-alma!—a homildoso
é probe maneebo
que d' on rio que corre
ó pé do castelo
á outra beira tiña
ó seu lar modesto.
Ledan se chamaba
y-era ó seu emprego

coidar d' ás suas cabras
é d' os seus carneiros.
Era un pastor probe
aquel que n' o peito
ispertó de Minla
o amor; ó mancebo
fentil er' y-apostol.
de longos cabelos
rizados; de ollos
moi grandes é negros,
de ollar dôc' é triste...
Comprendias' ó vêlo
qu' encender poidera
de Minla n' o peito
un tan grand' amore
é tan verdadeiro.
Ama Minla é cala;
Ledan fai ó mesmo
pr' o fin, seus amores
foron escubertos
pois andan n' a boca
de mozos é vellos
d' os úns é d' os outros
maravilla sendo.

III.

Era unha noite
trist' y-escura;
todo en negrura

—40—

somid^e está.
Ditras d^e as nubes
á branca lúa
á lume súa
foi acochar.

—
N^e unha barquiña
Ledan, lixeiro
ó marmoleiro
rio cruzou
é d^e eastelo
ó pé correndo
súas maus batendo
Ledan chamou.

—
Por unha porta
desemulada
á namorada
Minla salliu
é d^e os amantes
rebustos brazos
n^e os dóces lazos
á nena caiu.

—
Dempois n^e a chouza
do namorado
fentil mancebo
est^e olvidado

—41—

do mundo, á Minla
se consagróu
é sobr' os xoves
o dios aado,
Copido, as suas
aás espallóu.

IV.

Entramentas n^o a chouza s^c alcontraban
Minla é Ledan
dó seu amor segredo parolando
roxiú á tempestá.
Os antres qu^c atopaba no camiño
dobraba o vendabal:
os lóstrogos brilabán é tras d^c eles
ós roueos tronos ouianse bruar...
As augas d^c o Eume saironse do berce
y-ancharcaron ó val

Y-os amantes, estoncés, asustados
do seu amor deixaron de falar.

Minla, abrazou, tremendo
á seu ben, á Ledan
dicindolle:—Meu ben, vóume que x^c é hora
—Pro Minla, ti-onde vas?
perguntouelle Ledan; deixa que pase
siquer^c ó vendabal...
Pr^c o fin Ledan, seu rogo conoscedo

—42—

qu' enutil era xá
entr' as augas chimpouse
á sua débre barca pr' agarrar
pro contr' as olas bravas
loita é reloita en van
pois afrixida Minla mirar puido
sin ós seus ollos mesmos fe lles dar
com' as augas do rio agurgulladas
cada vez ainda mais
arrastraban cosigo
ó eoitado Ledan
que Dios tan só dempois conoscer puido
adonde foi c' o seu cadavre á dar.

V.

Minl' aspantada
quer antr' as sombras
escobrir algo
pro nada atopa.
Por Ledan chama
e soyo ascoita
suvial-o vento
coma resposta.
Estonces Minla
póstras' é chora
y-á Dios, chorando,
lle pide á volva
ó seu castelo
antes qu' á aurora

—43—

co-a lume sua
crebant^c as sombras.
E pas^c ó tempo,
pasan as horas
y-a probe Minla
qu^c en van invoca
de Dios o nome
destonces, louca,
casque sen vida
di con vos rouca
—Si a-o demo mesmo
posibe fora
antes qu^c á lume
d^c a branc^c aurora
a espallar veña
as negras sombras
tender un ponte
riba d^c as olas
porqu^c ó castelo
chegar eu poida,
eu lle daria
canto á sua boca
pedir poidera
por mais que fora
a miña vida.
Si quizáis tola
¡ay Dios! volvinme
Tí me perdona.—
Ainda non Minla

—44—

estas parolas
habia dito
cando d' as olas
saiu un xôven
que perguntoulla
—¿Dasm' á tua y-alma
Minla?

—Si; doucha
s' a ponte tendes
antes d' a aurora
porqu' a-o castelo
tornar eu poída.

VI.

Destonces, Minla
a namorada
viu acorada
unha esombrosa
triste vesión
qu' á un tempo mesmo
enche de loito
y-alegra moito
seu corazón.

Milleiros
de demos
bruaban
brineaban
voaban
corrian

—45—

pasaban
volvian
d' acá par' alá
as pilas
d' a ponte
labrando
é sentan lo
y-as pedras
sacando
do fondo do mar.

—
No céo
os relampos
brilaban;
bruabán
os trenos
que daban
a-os homes pavor
y-as olas
do rio
muxian
roxian
en tanto
as vencian
do demo a lexión.

—
D' un lado
pr' o outro
mandando,

—46—

pasando
iba Satanás
a obra
qu^a a hora
d^a aurora
habia
xa feita d^a estar.

VII.

O gallo
cantou
y o demo
tremóu.

—
O dia iba^a xiña
n^a Ourente^a apuntar
y-apenas d^a a ponte
vians^a esomar
algús d^a os pilares.
Destonces Satán
votou tan gran berro
que s^a ouiu soar
á par do roxido
do atroz vendabal.

—
E cal si milagre fose
a filla d^a os condes viu
tanto aumental-os obreiros
que sono seu tal creiu.

A ponte avantando iba
n^o o medio d^r a confosión
que da escuridá era própea
e de noite tal de horror.

Caian súpeto estadas
y-os obreiros de Satan
sostíñanse n^o o mesmo aâtre
bastr^r outra estada chegar.

¡Ante cadro tal, d^r ispanto
enchiás^r ó corazón
y-o seu lair sentia Minla
con mais precipitazón.

Pouco xa faltab^r á ponte
é iba ó dia x^r alborear...
y-os obreiros traballaban...
é iba é víña Satanás.

VIII.

Máis súpeto, d^r unh^r ermida
deixóuse ouir á campana
anunciando que n^o Ourense
ó dia xa despuntaba,
y-ô seu són, aquela tropa
de demos é de pantasmas,
afundiuse do río Eume
n^o as agurgulladas augas.
Soyo Satanás n^o a ponte
maldicindo se quedaba,
cando s^r escoitou soar

—48—

á segunda batelada.

—Minla, vén; dixolle o demo,
eu levareich á tua casa,
eu levareich ó castelo;
ven, que x' os teus pais t' agardan.

Minla de Satanás quixo
fuxir todiña espantada
pr' o demo seguiuna e x' iba
n' os seus brazos á agarrála
cando n' a ermida sonóu
á terceira badalada.
Satanás destincees, loueo
guindou á Minla coitada
n' o chan y-el desparecέu
d' o rio dentro d' as augas

IX.

Cando, xa dia, os veciños
tendid' á ponte miraron,
quedáronse cal parviños
e' o qu' iles s' admiraron.

A sua familia, ó conde
chama, é qu' á vexa tamen;
pro Minla ¿ondé s' asconde
que non' atopou ninguen?

Somentres cando cruzade
s' houbo á ponte, s' alecontrou

—49—

ó seu corpo nanimado
onde Satan o guindou.


¡Probe Minla! Quen pensara
d' o teu malfadado amor
que solementres durára
ó que viv' á probe fror!

X.

Dend' estoncés chamouse aquela ponte
A PONTE DO DEMO,
y oxe, oxe Pontedeume se lle chama
é ainda mozos é velllos
si lles perguntas quen á ponte fixo
diran—Señor, ó demo,
é contaránch' á hestória d' os amores
de Minla é do cabreiro
pernonciand' os seus nomes con visibre
relixioso respeuto.

M. A. M.

1884.



A MINA FELICIDA.

A sofrir solasment' eu vin ó mundo
y hastra o fin o meu sino cumprirei
sen que poidan xamáis dar me consolo
nin pranto nin pracer.

Pois as vagoas que verto, cand' as verto,
inda más aborrecen meu door
y-a risa qu' o meu beizo as veces préga.
fireme ó corazón.

Que n' a vida tristeira qu' eu arrastro
nin calma nin amor logrei achar
sendo sempre pra min ó goce ledo
un soño nada mais.

R. M. B.

¡COITADIÑOS!

— Probe Mingos ¿porque choras?

— Siñora, ¿non ei chorar?

— Pra quen lle fas isa caixa?

¿quen morriu?

— A miña nai!

— Probe siñora Marica!

— Mais prob' eu porqu' ela irá

à groria xunt' o Siñor

qu' é ó ceo ond' os xustos van.

— Adios Xan, ¿é vas chorando?

— Lucas, ¿é non ei chorar?

— Onde vás?

— O cimenterio

— E vas c' á aixada?... S' irás...?

— A facer unha coviña

pr' ó meu filliño!

— Pra Xan?

— Pra Xaniño, ó meu consolo

que Dios quixome levar.

— Pra il é a groria ¡anxeliño!

— Pois si pra il groria non hay

ou Dios non goberna ben
ou sono é o ceo, nada mais.

—
¡Prõbe Xan é probe Mingos!
Os dous viron espirar
o segundº ó seu filliño
ó primeiro á sua nai...
E pra mais madrasta sorte
téñenlle qu' iles labrar.
pr' á nai, unha caixa Mingos,
pr' ó fillo unha cova Xan
¡Van enterrar iles mesmos
ás suas felicidás!

M. A. M.

O MAR.

¡Ou Mar, servente Mar, que reloitando
ca fera encadeada, seu paraxe
ó vento das o teu berro salvaxe
altas palmas de escuma llevantando!

Sosega un instantiño e dime: ¿eándo
un térmeno achará tanta caraxe
e, calado pra sempre ise oleaxe,
a pas sobre de tí verei reinando?

¡Que nunca—me repricas e-os tronidos
qu'igoalan ós d' os lúgrubres infernos—
poderás desfrutar de ledas calmas?...

¡Tal ves non mintas, non; y-os teus ruxidos
virán á ser estonces tan aternos
com' o xordo layar d' as tristes almas!

R.M. B.

FORA UN SONO.

I.

Durminme soñando
n' as tuas olladas
que queimonas y-amor resperando
alcenden miñ' alma.

—
Durminme soñando
n' os teus roxos beizos
é n' a tua garganta de neve
y-os cabelos negros.

—
Durminme pensando
n' as tuas falsozades
e dicindo pra min—S' á quererme
un día chegase.

II.

E soñei, ruliña,
¡mira tí que sono!
que po-las tuas negras falsozades
hachábame morto.

—56—

E soñei qu' un dia
sentin os teus pasos
por enriba d' a lousa qu' estava
meu corpo tapando.

—
Soñei asimesmo
nena feiticeira
qu' unhas bágoas por min derramache
y eu as recollera.

—
Y eu as recollera
dándolles un bico
y-hastrá sentir coidei che se fuxira
do peito un sospiro.

—
Sentin eu destonces
que pouquiño é poueo
iba tornando á vid' é iba sentindo
á sangue n' o meu corpo.

—
E cando forzas tiven
pra levanta!-á lousa
qu' entr' ista vida **y-a** outra qu' é mais doce
serve de porta.

—
Asperab' encontrarste
tan meiga é falangueira
tan cuquiña, fermosa, namorada
garrid' é feiticeira.

—57—

Tendin miñas olladas
y alcontrándome soyo
con un aâre dos demos enton dixe
—Vallach' ô demo ó sono!

Sempre pasa ó mesmo!
Sempre ó mesmo pasa!
Somentre són verdad' as esventuras!
¡Sono as vinturanzas!

M. A. M.

CÁNTIGAS.

Cando tocar oyo á morto
ás badaladas d' a ermida
párceme que á morte tocan
po-la vinturanza miña.

Eiche de dar, miña rula
un pouquiño d' a miñ^a alma,
á ver s' así á lume sua
ó teu corazón abranda.

M. A. M.

¿POR QUÉ VERGONZA?

¿Que tés vergonza dís
porque lev' unha peza o teu gaban,
é bulra che farán
os que n' el' arroparen?..; Infelis!

Anda, é non coides, non,
d' o qu' o mundo che diga sen razón,
coida, sí, qu' os que risa de ti fan
outra prenda, meu home, non ch' a dán.

R. M. B.

QUEIXAS.

-- Que leises, que xustiza, nin que rayos!
díxom' onte un labreixo.
Endes que vexo que lles quita os fillos
a-os seus país ó Goberno;
endes que vexo qu' a-o que millós rouba
libre pasearse déixan-o
y-ô probe por roubar soyo un molete
lévano atado é preso,
endes que vexo qu' enterrar non deixan
alcaldes nin cregos
a-os que morren, cal din, fora d' a Eirexa
endes, siñor, que vexo
qu' istes Gobernos d' oxe, cada dia
máis nos cargan a dreitos
contribuciós é multas, é fan leises
soyo pra-o seu proveito
digo sempre—¡Que leises, que xustiza,
qu' egualdá nin que demos!

M. A. M

O TREBON.

Rachand' o negro veo d' a noit' escura
lóstrego fuxitivo alcende os áares
e repric' o ruxir d' os turbos mares
a vos do fero trono, rouca e dura;
o vento, asuviando n' a espesura,
arromeda os funguidos d' os teares
e de trasnos é meigas os cantares
n' os ramallos tamen finxir precura.
O regato, ó crecer súpetamente,
sobarda po-los campos traballados
arrincedo d' as terras a semente,
é parvas de tensor e de coidados,
fuxen diant' o trebon bestas é xente
á través d' os camiños e d' os prados.

R. M. B.

OS TEUS OLLOS.

A...

Antes, meu ben, de verte,
miraba sempr' a-o sol, admirado,
pro dendas qu' atopado
s' houberon n^o o camiño as tuas olladas
e' as miñas namoradas
non volvin ver ♦ sol, é si hei da serie
franeo, direi, meu ben, qu' é porque penso
qu' aquil seu fogo enmenso
fuxiuse a-os teus olliños
tan fermosos, tan doces e' diviños,

M. A. M.

CONTRAREFRAN.

Por eu non sei que cousas que lle fixo
darll' un pau à muller Avente qñixo
mais ela s' esculiu e de tal sorte
qu' o porc' o recibiu xunto co-a morte.
Aqui, si ben recordo,
a liña se crebón po-lo mais gordo.

R. M. B.

O OUTONO.

Xa ven ó tristeiro Outono,
xa fuxen as anduriñas,
quedans' os álbres sin follas,
foxindo vai á alegria,
múchase as fermosas frozes,
ont' ainda tan garridiñas,
suvia con forza ó vento,
todo é triste... ;S' algun vira
á miñ' alma, tamen, que tristeira
é de loito cobert' á atoparia!

Xa ven ó tristeiro Outono
ó sol quedío camiña,
coma s' ó frio do tempo
en crúa loita ó rendira...
Tristes as almas d' os probes
istan, porque ven qu' ainda
teñen que pasal-o Inverno...
Todo é triste... ;S' algun vira
á miña alma tamen, que tristeira
é de loito cobert' á atoparia!

—65—

Fuxiu d' a miña y-alma
á espranza y alegría;
si tristes son as cántigas
qu' arranco á miña lira
d' a y-alma ó tristor, évos
moito mais grand' ainda.

¡S' alguen n' ela entrar poidera,
s' alguen ver ben, conseguira
tamen á miña y-alma; que tristeira
é de loito cobert' á atoparia!

M. A. M.

N' A MONTAÑA.

O sol tras dos petóulos
sua lúis vai escondendo;
á noite, vai seu manto
de sombras esparxendo;
todo n' a terra s' hacha
en doce calma é paz.
O pescador, d' o bote
pón ó timón á praya
y-en medio a-o seu traballo
cantos d' amor ensaya
a-o trist' é brando arrolo
do dilatado mar.

Seus bois o bó labreixo
condoc' á súa cabaña
crozand' as correidoras
que baixan d' a montaña
e d' a frorida veiga
travesan a istensión
namentras a campana
d' a eirexa enche a y-alma
co-as suas badaladas

—67—

de fé é de doce calma
é fai prigar a-o beizo
quizáis unha oración.

Seus niños van buscando
as meigas anduriñas,
sospir' á bris lixeira
n' as frores cheirosiñas
y-o sol tras d' os petóutos
sua lús vai esconder
namentres que sosténdose
n' unha pesada moca
vai á pastora fiando
e' a súa mazaroca
é guiad' as suas ovellas
ás que xa d' erba enchéu.

Aló tras d' os curutos
pouquiño á pouco sube
unha piquerrechiña
pero negriña nube
y-a ela séguell' outra
y-a est' outras hastra mil
y-a par que vai a noite
quediño asi avantando
o rousiñol s' ascoita
qu' o seu amor cantando
alcóntras' antr' as frores
y-os árbres d' os xardis.

* * * * *

¡Óhu meigas, meigas tardes
qu' en días de fertuna
pasei n' ista montaña
en dond' á miña cuna
do *alaláaa* docíño
mecer sentiu a-o són!
Aló, pra dond' eu vaya
virá sempre conmigo
voxo recordo meigo
cal fiel é doz testigo
do tempo que pra sempre
po-lo meu mal pasou.

E cando xa ó fin chegue
d' a miña vida ésta
y-ó peso xa d' os anos
se sobre a miña testa
en ti ¡miña montaña
ó váte ir' á buscar
tranquilidá, vintura,
reposo é doce calma:
a paz tras qu' afanosa
corriu á miña y-alma
y ¡ay! unk'a tomba en donde
pra sempre descansar.

M. A. M.

FIN D' AS TREBOADAS.

OBRAS DE LOS MISMOS AUTORES.

De Manuel Amor Meilán.

REALES

<i>Mendo de Maceda ó los amores de un noble, novela histórica original</i>	4
<i>La víspera de San Juan, poema</i>	4
<i>Ensayos poéticos, poesías</i>	2
<i>El Corazon y la Lira, nuevas poesías</i>	2
<i>Justicias y Crueldades, novela</i>	4
<i>Desde la honradez al crimen, id.</i>	4
<i>El Iris gallego, almanaque</i>	2
<i>Treboadas, poesías gallegas (en colaboración)</i>	2

De Raul Muñiz y Bailly.

Treboadas, en colaboración.


17. 1. 18. 19. 20. 21. 22. 23. 24.

25. 26. 27. 28. 29. 30. 31.

32. 33. 34. 35. 36. 37. 38. 39. 40.
41. 42. 43. 44. 45. 46. 47. 48. 49.
50. 51. 52. 53. 54. 55. 56. 57. 58.
59. 60. 61. 62. 63. 64. 65. 66. 67.
68. 69. 70. 71. 72. 73. 74. 75. 76.
77. 78. 79. 80. 81. 82. 83. 84. 85.
86. 87. 88. 89. 90. 91. 92. 93. 94.
95. 96. 97. 98. 99. 100. 101. 102. 103.

104. 105. 106. 107. 108. 109. 110.

111. 112. 113. 114. 115. 116. 117.









۱۵۷